manifestación en defensa do monte veciñal

Por unha lei de montes veciñais
ao servizo da veciñanza comuneira
e da sociedade galega

Sábado
15 de
Outubro 2022

Compostela
ás 12:00 h
dende a estación
vella do tren

Para que non nos rouben os montes
veciñais mediante a privatización

Organización Galega
de Comunidades de Montes
Veciñais en Man Común

POR UNHA LEI DE MONTES VECIÑAIS AO SERVIZO DA VECIÑANZA COMUNEIRA E DA SOCIEDADE GALEGA

A Organización Galega de Comunidades de Montes presentou no rexistro máis de 12.000 sinaturas para tramitar a ILP en defensa dos montes comunais.

O proxecto de lei de montes veciñais contida na Iniciativa Lexislativa Popular, ademais de parar o roubo dos montes veciñais, é unha lei ao servizo da veciñanza comuneira e da sociedade galega. De feito que contempla como eixos fundamentais ;

✔ O recoñocemento do monte veciñal como unha titularidade mais, distinta e en pé de igualdade coas titularidades públicas e privadas.

✔ O reforzamento do carácter xermánico dos montes veciñais en man común.

✔ Considerar á veciñanza como único requisito para ser titular destas terras comunitaria.

✔ Impedir todo tipo de expropiación dos montes veciñais.

✔ Considerar como aproveitamentos e usos dos montes veciñais todos os que se den nos mesmos.

✔ Capacidade de decisión da veciñanza comuneira para pór en valor as súas terras comunitarias.

✔ Declaración como nulos de pleno dereito de todos os actos de ocupación e usurpación ,así como das súas posteriores transmisión ,que se fixeran de xeito ilegal .

✔ Declaración dos montes veciñais en común como figuras de protección ambiental e cultural en si mesmos .

A Xunta proclama de interese autonómico un proxecto declarado ilegal polo Tribunal Superior de Galicia

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ratificou a sentenza que en primeira instancia declaraba ilegal a cidade deportiva construida en montes comunal. A pesar da ilegalizade do proxecto a Xunta de Galicia quere otorgarlle o rango de interese autonómico para saltarse a lei e levar a cabo unha expropiación e recalificación dos montes veciñais de Tameiga.

Aveciñanza comuneira de Tameiga entende que o novo proxecto presentado polo Celta, Galicia Sport 360, non é máis que unha manobra para intentar legalizar o que o Tribunal Superior de Xustiza declarou ilegal. Mediante a declaración de interese autonómico a Xunta pode conseguir legalizar polas "bravas" unha cidade deportiva que a Xustiza declarou ilegal en primeira instancia.

A Comunidade de Montes de Tameiga sinala que se ben o novo proxecto rebaixa algo o ámbito de actuación no monte de Tameiga ao reducir a parte comercial, continúa sendo un despropósito ambiental asfaltar e formigonar terreo forestal e ademais as traídas de augas comunais seguirían estando afectadas por esta actuación. Mudan o nome ao proxecto pero segue sendo un negocio persoal mediante un pelotazo urbanístico coa recalificación de solo rústico de especial protección para facelo urbanizable.

Os lumes do desleixo arrasan o territorio

A OGCCMM denuncia que este ano a Consellería de Medio Rural suprimiu a liña de axudas para prevención dos lumes forestais que viñanse sacando continuamente dende fai moitos anos.

A ORGACCMM xa alertara desta situación a primeiros de maio, conxuntamente con un grupo de bombeiros/as forestais, e da precariedade das brigadas de bombeiros forestais que séguense a contratar por só un período de seis meses, totalmente insuficiente. Sinalan que a Consellería do Medio Rural camiña no senso contrario e no canto de tentar de eliminar as causas estruturais dos lumes de territorio, adopta medidas que profundizan máis nelas.

O expolio eólico dos montes veciñais

Mais aínda cos anteriores, o actual Plano eólico sectorial e un verdadeiro expolio dos montes veciñais perpetrado polo oligopolio enerxético.

.A lei de fomento de implantación de iniciativas empresariais e a lei de simplificación administrativa (coñocidas popularmente como leixes depredadoras), danlle o poder as empresas eólicas para expropiar directamente monte veciñal en man común. É decir, que estas dúas leixes considera máis de utilidade pública o negocio eólico privado que os montes veciñais que por súas carácteristicas de titularidade xermánica, teñen compoñentes de bens comúns, de bens sociais.

O desenvolvemento da enerxía eólica da Galiza ten que levarse adiante logo dun estudo para a eliminación da enerxia de fontes fósiles segundo as necesidades enerxéticas do país e dunha ordenación do territorio que defina onde se poden instalar parques eólicos e onde non. E naqueles lugares onde se poidesen instalar, a capacidade plena de decisión para as comunidades de montes para instalalos ou non .